

**ACORDOS DA REUNIÓN DA COMISIÓN ORGANIZADORA DO 19
CONGRESO PROVINCIAL EXTRAORDINARIO DO
PARTIDO POPULAR DE OURENSE
21 de xuño de 2024**

1.- Proclamación de precandidatos/as á elección de presidente provincial do Partido Popular de Ourense:

O artigo número 20 do Regulamento do 19 Congreso Provincial do Partido Popular de Ourense, establece:

Para ser proclamado/a precandidato/a a Presidencia do Partido Popular da Provincia de Ourense, as persoas afiliadas que opten á presidencia do PP da Provincia de Ourense poderán presentar a súa precandidatura ante a Comisión Organizadora do Congreso na sede provincial do PP de Ourense, ata as 14 horas do día 20 de xuño.

Para ser proclamado/a precandidato/a a Presidencia do Partido Popular da Provincia de Ourense será necesario presentar o apoio de, polo menos, 75 afiliados/as que estean ao corrente de pagamento das súas cotas.

Así mesmo, os/as candidatos/as a presidente/a de o PP da Provincia de Ourense deben estar ao corrente de pagamento das súas cotas e tamén será necesario levar afiliado/a ao partido un período mínimo de 12 meses.

Logo de rematar o prazo habilitado para a presentación de precandidaturas no día de onte, 20 de xuño de 2024 ás 14:00 horas, presentáronse diante desta comisión organizadora as candidaturas que segue:

Primeira e única: Encabezada por don Luis Menor Pérez.

Logo de comprobar, tal e como fixa o artigo 20 do Regulamento, que dito precandidato reúne os apoios estatutarios e regulamentariamente requeridos, así como constatar que cumpre cos restantes requisitos esixibles,

Esta Comisión Organizadora do 19 Congreso Provincial do Partido Popular de Ourense,

ACORDA por unanimidade;

Proclamar, por unanimidade dos presentes, candidato único á presidencia provincial do Partido Popular de Ourense a don Luis Menor Pérez e dar por convocada a campaña electoral interna que finalizará ás 00:00 horas do mércores 3 de xullo de 2024.

Esta proclamación supón que non haberá asembleas de votación para a elección entre os/as afiliados/as inscritos/as, quedando proclamado candidato para a súa elección entre os/as compromisarios/as no día do Congreso.